

SEC 1A - INT - AULA 302 - DIA

A aula 302 é un obradoiro cheo de máquinas de impresión. Ali hai ordenadores, impresoras, plotters, etc. Jose atópase no centro da aula e explica como xurdiu a idea de facer un proxecto sobre Rodolfo Ucha. Jose comeza a falar que a raíz do 40 aniversario da morte de Ucha, propuxo aos seus alumnos redibuxar unha serie de edificios emblemáticos de Ucha en Illustrator.

Amosamos en pantalla algúns destes traballos dos alumnos e alumnas.

SEC 2 - INT - DIANTE DO ORDENADOR - DIA

Jose atópase agora con Aldara, unha alumna do módulo de Preimpresión. Jose comenta con Aldara por que decidiu o edificio da Casa da Anton. Aldara comenta que foi porque era o máis fácil.

Aldara co Illustrator aberto, explica as dificultades que tivo para plasmar a Casa de Anton a vectorial.

SEC 1B - INT - AULA 302 - DIA

Jose explica que como lle gustou moito o resultado decidimos transportalo a material tanxible. Jose conta que nesta escola desde vai 20 anos facemos moitas prácticas e traballos reais coas diferentes xeracións de alumnos

Amosamos algunhas das fotos e traballos que se fixeron durante os últimos anos na escola

O primeiro reto que lles propuxen foi imprimir eses deseños en bolsas. Para elo tiñan que adaptar ese deseño de xeito dixital e logo trasladalo a un plotter

Ollamos como se adaptan eses debuxos a diferentes bolsas.

SEC. 3 - INT - DIANTE DO PLOTTER - DIA

Jose atópase con Aldara ou con calquera outro alumno diante do plotter. Jose explica como funciona ese dispositivo de xeito básico e pídelles a Aldara que faga unha demostración.

Aldara explica, coa axuda de Jose, todos os procesos polos que se pasa para chegar a obter a bolsa (pranchado de imaxe, títulos, recortado de imaxe, etc.) Pouco a pouco ollamos como a bolsa vai collendo o aspecto final.

SEC 4 - INT - BIBLIOTECA - DIA

Jose esta agora diante de varios recortes de prensa de cando se sacaron as bolsas de Ucha. Jose explica que, debido a difusion que tivo en prensa e medios as imaxes das bolsas; decidiron ampliar o kit e facer outros moitos elementos.

Jose atopase rodeado de outros moitos elementos como carpetas, tazas, chapas, calendarios, camisetas, etc.

Vemos imaxes de como se foron imprimindo e conseguindo todos estes elementos.

SEC 5 - INT - VIVIENDA LUCILA UCHA - DIA

Lucila atopase no seu salon con 3 ou 4 alumnos. Lucila conta que se enterou por prensa do traballo do modulo de preimpresion do Leixa e puxose en contacto co centro para coñecelo. Os alumnos contan que Lucila veu e estivo vendo como traballaban na escola

Insertamos imaxes desa visita de Lucila ao centro.

SEC 6 - INT - OFICINA DE TURISMO DO PORTO - DIA

Jose atopase agora na oficina de turismo de peregrinos que comezan facer o camiño de Santiago. A persoa encargada de dar as explicacions aos turistas contanos que a cada peregrino que vai por ali, ofrecelle a bolsa de Ucha como agasallo por pasar uns dias na cidade. Jose explica que a raiz dese traballo teñen un convenio de dous anos co concello para promocionar a imaxe de Ucha e de Ferrol dentro e fora da cidade.

SEC 7 - EXT - PORTO - DIA

Jose explica que asi se levou a cabo un proxecto moi modesto que empezou como unha tarefa de clase e que se converteu nun proxecto promocional da cidade co traballo de todos os alumnos e alumnas do curso bla bla bla.